

Hábitats da península do Cabo Touriñan (Muxía, A Coruña)

Javier AMIGO VAZQUEZ
Prof. Titular del Dpto. de Botánica
USC

O espazo conformado pola península do Cabo Touriñan é unha unidade de terreo de pouco mais de 120 has pertencentes ao concello coruñés de Muxía. Todo él está incluído no Lugar de Interese Comunitario (L.I.C.) Costa da Morte e contén representacións dos principais hábitats costeiros agás os correspondentes ao litoral areoso, xa que neste cabo practicamente toda a liña de contacto terra/mar é de natureza rochosa.

O relevo do cabo correspóndese ao dun pequeno promontorio cunha elevación máxima de 93 m s.n.m. (cumio do “Monte Gordo”); no seu arredor unha pequena chaira con lixeiras ondulacións é o espazo por onde pasa a pequena estrada que remata as portas do Faro. Esta chaira vai esvarando de forma paulatina cara o mar, de xeito mais abrupto na sua vertente oriental que na que mira a mar aberto. Tamén presenta unha certa inclinación cara o istmo da península, istmo que ofrece as mesmas pautas de relevo que a península: aspecto de chaira que esvara suavemente cara o oeste-suroeste namentres que presenta unha caída mais acusada cara o leste. Esta topografía ten notable importancia no proceso do escoamento das augas o que vai propiciar a distribución dalgúns dos seus hábitats mais interesantes.

O espazo do cabo ten pouca variabilidade xeolóxica aínda que as formas erosivas dos granitos nos cantís e na liña de costa aportan unha grande diversidade de formas. Aparte os rochedos é salientable o acúmulo de areas de sistema paleodunares que recobre unha parte importante da península, areas que de cando en vez afloran, aínda que nas ladeiras e depresións predominan os solos con materia orgánica suficiente e continúa permitindo o desenvolvemento de uceiras-toxeiras de diverso tipo e mesmo de pasteiros higrófilos que teñen sido favorecidos no xeito máis tradicional de aproveitamento do territorio en climas atlánticos hiperoceánicos.

De seguido enumeramos **os hábitats principais** que se lle poden atribuir a este espazo. Contén tres hábitats **prioritarios**:

+ As **Uceiras húmidas atlánticas** de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (Hábitat prioritario *4020). Preséntanse na chaira do Monte Gordo e no istmo, entre a estrada e a sua vertente a mar aberto; pero tamén hay formacións menos extensas pero moi ben

conservadas en ringleiras de auga que escoan cara a vertente leste, tanto desde a chaira de Monte Gordo como desde a estrada o seu paso polo itsmo.

+ As **Uceiras secas atlánticas costeiras** (Hábitat prioritario *4040). Correspóndese coas toxeias pulvulares con caméfitos afectados pola mecanomorfose e albergando interesantes taxons endémicos. De iste tipo de toxeias marcadas claramente pola sopladura do vento e a halitose mariña, temos nalguns puntos de Galicia fermosas representacións nas costas mais expostas do noso litoral, e no cabo Touriñán atópase representada a asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humilis*, endémica do sector corolóxico Galaico-portugués. É un erro a interpretación restrictiva que se fai deste hábitat nalguns manuais ligándoo exclusivamente a presenza/ausencia da urce *Erica vagans*.

+ **Charcas temporais mediterráneas** (Hábitat prioritario *3170). Con dúbidas. Hábitat de presenza moi puntual e fráxil, representado por uns espazos de moi poucos metros cadrados, algo discontinuos, formados por pequenas depresións con encharcamento temporal onde tense detectado unha comunidade formada polos nanoterófitos *Cicendia filiformis* (L.) Delarbre e *Solenopsis laurentia* (L.) C.Presl.. A posible presenza de *Isoetes histrix* Bory non pudo ser confirmada. É teima de discusión técnica si as formacións de este hábitat empobrecidas en especies e presentes nas áreas extremas, fóra do seu óptimo bioclimático, deben interpretarse coma hábitat 3170 o ben dentro do hábitat 3130, non prioritario. Habería de facerse un seguimento ao longo de varios anos para ver si na época óptima de inundación primaveral aparece unha comunidade mais biodiversa en terófitos.

Outros hábitats de interese europeo, non prioritarios:

1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas, con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*

4030 Uceiras secas europeas

8230 Vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion*

(6410) Pradeiras higrófilas, en boa parte atribuíbles ao hábitat 6410.

En canto as especies vexetais que se poden atopar nestes hábitats e no conxunto da area LIC, a mais salientable seña probablemente a gramínea *Linkagrostis juresii* (Link) R.García, Blanca & Morales incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de Vulnerable. Trátase dun endemismo do cadrante noroccidental ibérico

estrictamente ligado os hábitats turbosos como os que se desenvolven nas zonas máis húmidas das matogueiras higrófilas das que antes se falou.

A maiores desta especie incluída no CGEA, e catalogada en perigo de extinción, non deixa de ser flora interesante algúns endemismos que se desenvolven asociadas as matogueiras secas costeiras coma *Angelica pachycarpa* Lange, *Rumex acetosa* subsp. *biformis* (Lange) Castrov. & Valdés-Berm. ou a propia *Armeria pubigera* (Desf.) Boiss.

As comunidades vexetais que constitúen os hábitats anteditos son de unha grande fragilidade, en especial os dependentes da auga edáfica, temporal ou permanente. As ladeiras que descenden lentamente do istmo ao mar cara o sol poñente son a meirande superficie de matogueiras e pasteiros higrófilos de toda a península do Cabo Touriñán. Aínda que a superficie principal foi adicada a pasteiros, a expensas de modificar e “levantar” a matogueira higrófila nun xeito tradicional de aproveitamento do terreo para o gando, non deixa de sorprender a grande superficie de solo enchoupado de auga doce que sustenta todas esas comunidades, e a orixe de toda ese auga é o carácter hiperhúmido do réxime de precipitacións que debe soportar o promontorio do Cabo, aínda que o Monte Gordo non chega aos 100 m de altitude. Por tanto é de salientar que a estas matogueiras higrófilas do istmo do Cabo Touriñán non só lles pode afectar unha edificación ou actuación industrial levantada na súa propia área de ocupación, si non que tamén verían mermado o aporte de auga edáfica por unha actuación semellante na parte alta que lle queda inmediatamente ao norte: a pequena chaira de Monte Gordo e as súas ladeiras cara o sul.

Por todo o exposto xulgo razoable de todo punto de vista a calificación de INCOMPATIBLE do proxecto de ocupación parcial da península do Cabo Touriñán coa actuación industrial dun proxecto de granxa piscícola. A superficie de intervención na que se pretende actuar vai supoñer, tanto directa como indirectamente, a desaparición de hábitats de interese prioritario para a Comunidade Europea, así coma de a lo menos unha poboación de unha especie incluída no CGEA.

Javier AMIGO VAZQUEZ
Prof. Titular del Dpto. de Botánica
USC

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009

ANEXO 1: Mapa de distribución dos principais hábitats

